



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



***Acta da Comisión Permanente do día
15 de marzo de 2007***

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/03/07.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/03/07.
- III. Documentación dos cursos dos que se solicita validación por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión o 15 de marzo de 2007 ás 10 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección do novo edificio da E.T.S.E. de Minas presidida polo Director, actúa como secretaria a Subdirectora Xefa de Estudos, Natalia Caparrini Marín, e se tratan os seguintes puntos:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 16 de febreiro de 2007.

A Comisión aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2007.

2. Validación, se procede, de prácticas en empresas por créditos de libre elección.

Atendendo ós criterios preestablecidos en materia de validación de prácticas en empresas por créditos de libre elección, apróbanse por asentimento as seguintes validacións, cun máximo de 39 créditos. (15 horas = 1 crédito).

DNI	Nome	Empresa	horas	créditos
		AIMEN	320	21
		G.O.C.	184	12

A Comisión acorda aprazar, ata a vindeira sesión da Comisión Permanente, a resolución da solicitude de validación presentada por Don , que realizou prácticas en XONTEC, S.L., durante un total de 530 horas, coa finalidade de que faga unha nova memoria máis completa.



**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



Universidade de Vigo

Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.

O non haber ningunha solicitude, se pasa o seguinte punto da orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aproba-los seguintes títulos e tribunais de proxectos fin de carreira:

Proxectando Director/es	Título	Tribunal
Director/es: José Fernández Seara Francisco Uhía Vizoso	"Estudio de serpentines helicoidales para el calentamiento de agua en depósitos acumuladores."	Presidente: José María Lanaja del Busto 1º vocal: José Benito Vázquez Dorrío 2º vocal: Carlos Casares Penelas <u>Suplentes:</u> Eusebio Vázquez Alfaya Natalia Caparrini Marín Jaime Sieres Atienza
Director/es: Carmen Pérez Pérez Eduardo Rey Costas	"Caracterización de insertos de estructura de poliamida y resina epoxy en sustitución de la chapa de acero."	Presidente: Pedro Merino Gómez 1º vocal: Marta Cabeza Simó 2º vocal: Xosé Ramón Novoa Rodríguez <u>Suplentes:</u> Enrique Porto Arceo Milagros Izquierdo Pazó Carmen Mª Abreu Fernández
Director/es: Jorge Morán González	"Análisis comparativo del uso de Energía Solar Térmica según el Código Técnico de Edificación Municipal."	Presidente: Enrique Granada Álvarez 1º vocal: Fernando Cerdeira Pérez 2º vocal: Jacobo Porteiro Fresco <u>Suplentes:</u> Concepción Paz Penín Eusebio Vázquez Alfaya José Luis Míguez Tabarés
Director/es: Elena Albo López Camilo Carrillo González	"Diseño de un sistema eólico-fotovoltaico para el abastecimiento de un refugio de montaña."	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío 1º vocal: Antonio Fernández Otero 2º vocal: Manuel A. Prieto Alonso <u>Suplentes:</u> Julia Serra Rodríguez Eloy Díaz Dorado Andrés E. Feijoo Lorenzo
Dona María Magdalena Montes Ferreiro Director/es: Eusebio Vázquez Alfaya Fernando Cerdeira Pérez	"Auditoría energética de una instalación de reparación, exposición y venta de automóviles."	Presidente: Ángeles Cancela Carral 1º vocal: Estrella Álvarez da Costa 2º vocal: José María Lorenzo Pose <u>Suplentes:</u> Enrique Granada Álvarez José Manuel Santos Navarro Jaime Sieres Atienza



**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



Universidade de Vigo

Proxectando Director/es	Título	Tribunal
Director/es: Enrique Porto Arceo	"Estudio de la influencia de los parámetros de fabricación en las características mecánicas finales de pieza forjadas con aceros microaleados de carbono medio."	Presidente: Pedro Merino Gómez 1º vocal: Julia Cristóbal Ortega 2º vocal: Carmen Pérez Pérez <u>Suplentes:</u> Marta Cabeza Simó Gloria Pena Urís Carmen Mª Abreu Fernández
Director/es: Carmen Pérez Pérez	"Optimización de técnicas de conformado de composites de fibras naturales."	Presidente: Pedro Merino Gómez 1º vocal: Julia Cristóbal Ortega 2º vocal: Gloria Pena Urís <u>Suplentes:</u> Xosé Ramón Novoa Rodríguez Carmen Mª Abreu Fernández Marta Cabeza Simó

4. Concesión, se procede, de 7ª convocatoria ós alumnos que a solicitaron.

O non haber ningunha solicitude, se pasa o seguinte punto da orde do día.

5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

A Comisión acorda aprazar á vindeira sesión a resolución da validación de MATERIAS DOS CICLOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

A Comisión acorda desestimar a solicitude de validación, por créditos de libre elección, presentada sobre a participación na organización de San Mineco.

A Comisión acorda validar os seguintes cursos:

CURSOS / ACTIVIDADES	DURACIÓN	CRÉDITOS
Ciclo de conferencias "SAÍDAS PROFESIONAIS E INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS DO MAR"	16.5 horas	1
SEMINARIO DE INTRODUCCIÓN Á VIDA PROFESIONAL DO ENXEÑEIRO DE MINAS	16	1

6. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de avaliación curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

Xa que os solicitantes cumpren os requisitos exisidos nesta Escola para tal efecto, a Comisión acorda admitir a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular:

ALUMNO	MATERIA	ÁREA AFECTADA
	Cálculo III	Matemática aplicada



Universidade de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



	Termodinámica	Máquinas e motores térmicos
	Cálculo I	Matemática aplicada

Para todos eles, as Comisións de Avaliación estarían constituídas polos seguintes membros:

ÁREA	NOMBRE
Titular: 280 Estratigrafía Suplente: 545 Ingeniería mecánica	Titular: M ^a Soledad García Gil Suplente: Gerardo Peláez Lourido
Titular: 650 Organización de empresas Suplente: 265 Estadística	Titular: José Manuel García Vázquez Suplente: Ángeles Saavedra González
Titular: 535 Enxeñaría eléctrica Suplente: 710 Prospección e investigación mineira	Titular: Andrés Elías Feijoo Lorenzo Suplente: Enrique Orche García
Titular: 720 Proxectos na enxeñaría Suplente: 295 Explotación de minas	Titular: M ^a Jesús Puzas da Costa Suplente: Fernando García Bastante
Titular: Área afectada Suplente: Área afectada	Titular: Nomeado pola área afectada Suplente: Nomeado pola área afectada
Alumno titular:	Titular: Proposto polo alumno/a
Alumno suplente:	Suplente: Proposto polo alumno/a

7. Ratificación dos informes de actividade docente.

Se ratifican os informes sobre a actividade docente emitidos para a ANECA sobre os profesores Dona Elena Alonso Prieto e Don Fernando García Bastante, xa que non existe ningunha incidencia na súa docencia.

8. Rolda aberta de intervencións.

Intervén Don Javier Puga para preguntar sobre un tema de infraestructuras, xa que nas aulas se modificou a posición das pantallas e o tubo de luz que inicialmente estaba colocado sobre a pizarra non se volveu colocar no seu lugar orixinal. Ó que se lle respostou, desde a Dirección, que se vai solucionar esa cuestión.

Os alumnos insisten sobre un tema xa falado en outras comisións, que é o do equipamento dos baños femininos con papeleiras. Ó que se lle respostou que será tido en conta.



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



Intervén a continuación Julia Critóbal para manifestar, no seu nome propio e en nome doutros compañeiros, que se sentiron discriminados no desenvolvemento do "Seminario de introducción á vida do Enxeñeiro de Minas", que se está a celebrar nesta Escola, xa que só recolle saídas profesionais estrictamente mineiras, sen ter en conta as outras dúas especialidades desta titulación: materiais e enerxía. Que no seu momento a Dirección debería ter feito algo ó respecto e non dar o beneplácito a este tipo de actuacións discriminatorias.

O Director contesta que é un tema particular do Colexio de Enxeñeiros, desde Oviedo, e non deseaba que unha negativa para que o colexio celebrara este seminario na nosa Escola se interpretara como un apoio a sección independentista do colexio en Galicia.

Julia Cristóbal presenta varias propostas para que a Comisión, se o estima convinte, as avale:

- 1.- Informar ó alumnos que vai haber unha continuidade deste seminario con outros que recollan as outras especialidades e saídas profesionais.
- 2.- Solicitar ó colexio que equipare esta iniciativa a outras nas que se traten outras saídas profesionais.
- 3.- Enviar ó colexio un escrito de protesta no que se lles manifeste que este seminario non abarca todas as especialidades dun Enxeñeiro de Minas.

A Comisión acorda avalar estas propostas.

Intervén a continuación o profesor José María Correa para manifestar que non hai colgadores nas aulas para o profesor, e solicita se coloquen. Por outra banda indica que, como todos saben, existe un problema na climatización do edificio e solicita que se tomen medidas para que se poida dar solución ó calor das aulas antes de que chegue o verán.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, quince de marzo de dous mil sete.

Vº e praxe
O Presidente

O Secretario
(por suplencia)

José María Lanaja del Busto

Natalia Caparrini Marín



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/03/07



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/03/07



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO III

**Documentación dos cursos / actividades
dos que se solicita validación por créditos de libre elección**